



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 29 DE XUÑO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ  
TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)

D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES  
RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario:**

Francisco Fernández Castro

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No salón de sesións do Concello de Ribadavia sendo ás vinte horas. e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de 2017 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Francisco Fernández Castro, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Don Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 25 DE MAIO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 25 de maio de 2016 (ordinaria) a acta resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 18 de maio; unha, sobre baixa no servizo recollida lixo.

Do 19 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de maio; unha, sobre aboamentos.

Do 24 de maio, catro; unha sobre liquidación plusvalía; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre citación para sinatura contrato, unha, sobre aboamentos.

Do 25 de maio; tres; dúas, sobre baixa de recibos; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de maio; seis; unha, sobre ocupación via pública con mesas e cadeiras; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre delegación competencias; tres, sobre aboamentos.

Do 29 de maio; dez; cinco, sobre bonificación IVTM; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre faccionamiento débeda tributaria; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de maio, oito; unha, sobre baixa na rede sumidoiros; tres, sobre liquidación taxa serv. Ex. Incendios e outros; unha, sobre concesión emerxencia social; unha, sobre incrición no Rexistro Municipal Cemiterio; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 31 de maio, dúas; unha, sobre prórroga licenza obras; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de xuño; cinco; unha, sobre liquidación de ingreso directo taxa servizo ext. Incendios e outros; unha, sobre eficacia comunicación previa de actividade; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de xuño; trinta e tres; trinta e dúas, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións..

Do 05 de xuño; sete; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre nomeamento tribunal baremación méritos ; unha, sobre nomeamento tribunal baremación méritos capataz forestal; unha, sobre ampliación prazo orde execución; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xuño; cinco; unha, sobre troco domicilio fiscal; unha, sobre devolución importe recibos IBI; unha, sobre alta no Padrón habitantes; unha sobre expedición tarxeta accesibilidade, unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xuño; trece; tres, sobre exención IVTM; tres, sobre liquidación plusvalía; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre providencia subsanación deficiencias; unha, sobre orde de cumprimento; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de xuño; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre formalización contrato; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 09 de xuño; sete, tres, sobre liquidación plusvalia; unha, sobre convocatorio Xunta Goberno Local; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 12 de xuño; tres, unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 13 de xuño; catro; unha , sobre servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicacion previa obra; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xuño; vinte e cinco; dezanove, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre requirimento adopción medidas ; dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de xuño; oito; dúas, sobre liquicacion alta taxa recollida lixo; catro, sobre altas no Padrón habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de xuño; oito; unha, sobre liquidación plusvalia; unha, sobre recurso reposición ocupacion via pública con mesas e cadeiras; unha, sobre devolución plusvalia; unha,



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de xuño, unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xuño; catro; unha, sobre tribunal baremación méritos capataz forestal; unha, sobre tribunal baremación méritos operario instalacións deportivas; unha, sobre horario instalación deportivas municipais; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xuño; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre concesión vacacións.

Do 22 de xuño, doce; cinco, sobre baixa basuras; tres, sobre bonificación IVTM; unha, sobre comisión servizos de policía local festas San Xoán en Nigrán; unha, sobre tribunal baremación méritos socorrista; unha sobre contrato laboral servizo piscina durante o verán; unha, sobre aboamentos.

Do 23 de xuño; quince; sete, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas, sobre contrato laboral temporal; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre eficacia comunicación previa actividade; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xuño; oito; unha, sobre faccionamento débeda tributaria; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa IAE; unha, sobre exención liquidación plusvalía; unha, sobre baixa IBI; unha, sobre baixa servizo recollida lixo; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xuño; cinco; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre expedición tarxeta accesibilidade; unha, sobre nova entrevista peón forestal; unha, sobre eficacia comunicación previa obra.

### **3.PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOLICITANDO O ARRANXO DE DIVERSAS FONTES EN RIBADAVIA..**

O secretario procede á lectura do ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

Exposición de motivos

Ven sendo habitual dende inicio da lexislatura que, por parte dos diferentes grupos que conforman a oposición municipal , se propoña o arranxo , acondicionamento e posta en funcionamento de diversas fontes existentes en Ribadavia.

É por toda a Corporación coñecido que dende o goberno municipal tense



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

respostado dicindo que se “tomará nota destas demandas” pero a realidade é que nunca se chega a dar solución a esta problemática , e seguimos tendo iniciativas a fonte da arrastrada, a fonte de dous canos, a fonte do parque robla, a fonte que en campaña electoral de 2011 se fixera a carón do Banco Pastor e que nunca chegou a ter auga, así como as fontes existentes na área recreativa de A Veronza.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia , consideramos que o arranxo e posta en funcionamento destas fontes, ademais de dar un servizo á cidadanía, melloran a imaxe do noso concello, unha imaxe que cómpre mellorar cando nos achegamos a datas como as estivais nas que aumenta a afluencia de visitantes a Ribadavia. Polo que entendemos que debe ser o Pleno do concello, o que se posicione sobre esta cuestión , deste xeito, poderemos coñecer a posición do grupo de goberno sobre esta cuestión xa que, en definitiva, será o goberno municipal o encargado e responsable único da execución deste acordo no caso de que o mesmo se adopte pola maioría do Pleno municipal.

Por todo isto o Pleno da Corporación Municipal acorda:

1 Instar ao goberno municipal ao inmediato arranxo , acondicionamento e posta en funcionamento da fonte da arrastrada, a fonte de dous canos, a fonte do parque robla, a fonte que en campaña electoral de 2011 se fixera a carón do banco Pastor e que nunca chegou a ter auga, así como as fontes existentes na área recreativa de A Veronza.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Como se sinalaba no ditame se pide o arranxo e posta en funcionamento de diversas fontes, engadir in voce a dos chalets. O tema xa viu a pleno en varias ocasións, en mocións , en rogos e en preguntas. Desgraciadamente persiste o problema, a proximidade do vrán fai máis acuciante a cuestión. Esperamos que o acordo sexa por unanimidade e que se execute.

D Manuel Vázquez López ( Compromiso por Galicia).- En primeiro lugar, manifestar a solidariedade co pobo portugués pola traxedia do incendio. Houbo unha moción fai dous anos de Compromiso por Galicia no mesmo sentido. Despois se requeriu ao concelleiro de obras ao respecto. Esta ben recordar esta cuestión, a moción está de acordo coa idea xa antes exposta por este concelleiro. O noso voto a favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo está a favor. Defendemos esta moción, xa votamos a favor fai dous anos. É fácil de levar a cabo, non se precisan grandes inversións. Non é comprensible que, despois da moción , só se arranxara unha das fontes reclamadas. Non entendo o abandono total das fontes. Espero que se cumpra o acordo.

D Xacobe García Soto (BNG).- É unha boa medida, as fontes sen auga son estatuas , meros adornos do casco urban´. Son arreglos sinxelos, non levan moito gasto, e favorecen o entorno urban.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Ricardo García Amaro (PSOE).- Trataremos de ir facendo as que teñan máis fácil arranxo, algunha se arranxou como a dos chalets ou a de San Andrés. Se pode facer a fonte de dous canos, pero as de auga da traída son máis problemáticas. Na Veronza nova se arranxaron dous e volveron a estropearse. Na Veronza vella se estropearon dous. Tentarémolo, trataremos de arranxar todas as posibles, votamos a favor.

D Brais Fidalgo (RBC).- Son de agradecer as palabras do conselleiro de obras e tomamos nota do seu compromiso.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado ; votos a prol PSOE (5), PP (5), RBC, BNG e CxG, fica aprobada por unanimidade.

#### **4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA ACONDICIONE AS SÚAS ÁREAS RECREATIVAS E DE LECER.-**

O secretario procede á lectura do Ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas portas da tempada estival a situación das principais áreas recreativas e de baño atópanse en estado de abandono, outras sen limpar, e outras en situación claramente mellorables.

##### **A Veronza**, no río Avia.

- Piscina municipal en situación de deterioro que precisa con urxencia a súa modernización e adaptación aos novos tempos.
- Zonas de baño no río Avia totalmente deterioradas e abandonadas, zonas que noutra hora eran un exemplo agora están totalmente abandonadas.
- Todas as fontes sen auga (só unha ten auga).
- Un parque infantil clausurado.
- Bancos e mesas de madeira deterioradas.
- Ausencia de luz pública.
- Situación xeral desta área é amplamente mellorable.

**O Muíño da raíña**, no río Avia. Unha potencial zona de lecer moi próxima ao casco histórico que en outra vilas históricas non dubidarían en reformar e acondicionar polo seu potencial para uso de lecer e esparcemento da veciñanza de Ribadavia e de



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

visitantes. A súa situación é desastrosa, desde a zona de area e praia ata a zona do muíño. As súas inmediacións atopase chea de arbores e leña seca. A pesar da súa situación é unha zona moi empregada no verán.

**A Barca**, na desembocadura do río Avia no río Miño. No seu día chegou a existir un pantalán sendo unha zona de baño xa desaparecida. Esta zona fai meses foi mellorada a través da intervención dun obradoiro de emprego. A día de hoxe pouca mellora existe debido á ausencia de mantemento.

**O Pociño**, no río Outeiro en Francelos. Fai anos que esta zona é desbrozada por un grupo de veciños de Francelos, coa colaboración do Concello antes do verán, sen embargo a fermosura deste enclave está claramente desaproveitado xa que estamos nunha zona de pozas naturais única no noso municipio.

**San Cristovo**, no río Avia. Un exemplo máis dunha área que no pasado foi unha zona moi empregada de baño e lecer, e que a día de hoxe está en desuso.

**San Paio e Ventosela**, no camiño do pendurado, no río Miño. O goberno municipal vive de costas ao río Miño, non é consciente de que Ribadavia tamén ten río Miño e tamén ten encoro que tan ben aproveita o concello veciño de Castrelo. Sen embargo nunca se ten en conta este enorme potencial, non só para a veciñanza de San Paio, Ventosela, A Groba ou Sanín, senón como ferramenta turística de todo o municipio.

**Prexigueiro**, no río Cerves. A zona de baño no río Cerves xa foi abordada en diferentes Plenos, chegando a ser aprobada a obriga da empresa concesionaria das termas de Prexigueiro a construción dunha zona de baño pública ao carón do río Cerves. Esta zona ao igual que as demais atopase en mala situación, e de novo é obriga do goberno melloralala, acondicionalala e coidalala.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Ribadavia recupere as súas principais zonas e áreas de recreo e baño en situación de abandono e deterioro.
2. Que o Concello de Ribadavia antes do verán acometa medidas urxentes de pequenas melloras nas zonas de baño.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A moción é bastante clara. A situación das áreas de baño e de lecer é ,cando menos , mellorable. Pediría un mínimo de decoro cando eu interveño.

Alcalde.- Se un grupo me pide o texto dunha moción eu lla dou, é iso foi o que pasou. O pleno o dirixo eu.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Xa chegamos tarde á tempada estival, as áreas de baño se atenden o último día. Se chega un mes tarde a este arranxo, outros concellos o fan antes. A Veronza foi un área de referencia na comarca, agora é moi mellorable na zona de baño. É perigosa para as crianzas en determinadas zonas. A apertura da piscina chega tarde, non hai fontes en uso na Veronza vella, nin luz. Hai parques infantís clausurados. Facemos propostas en positivo.

O Muiño da Raíña se podería aproveitar máis, ten moito potencial a poñer en valor. Ribadavia tamén ten zonas no Miño a aproveitar en Abarca e en San Paio Ventosela. As pozas de Francelos tamén ten un enorme potencial. Imos a promover unha moción para que todo o pobo de Francelos pertenza a Ribadavia, é un anacronismo. Tamén San Cristovo é mellorable. En Prexegueiro se aprobou polo pleno que se melle e se poña en valor. A empresa concesionaria das termas ten a obriga de construír dúas pozas públicas. Ribeiro en Común pide máis previsión para o próximo ano.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Todo é mellorable. O que sea un ben para os veciños e o concello estamos a favor.

D Xacobe García Soto (BNG).- Unha das cousas que caracterizan a este concello é a perda de oportunidades. Hai zonas de gran potencial turístico.Hai zonas de baño que se acondicionan só cando son as festas da parroquia. Hai un gran potencial máis alá da





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Veronza vella e nova: o Miño, San Cristovo, Francelos. É triste ir a disfrutar da tempada estival noutros concellos.

D César Fernández Gil (PP).- Pouco que engadir, concordamos plenamente. Son áreas de lecer cun gran potencial.

D Ricardo García Amaro (PSOE).- Non é correcto decir que estas áreas só se limpian nas festas. San Cristovo e Francelos están limpias e falta para as festas. Non mirei a zona de Prexegueiro, pero o resto das citadas están aptas para o baño, podendo haber algunha cuestión concreta mellorable. No Muiño da Raíña non sei que máis se pode facer. En Ventosela se van a facer unhas escaleriñas. Todas as áreas se poderían mellorar, pero farían falla inversións de outras administracións. As piscinas se poderían abrir o 15 de xuño, pero faría falla máis orzamento. Os traballadores municipais da limpeza traballan de mañá e de tarde. Todos somos conscientes das necesidades. Na Veronza nova funcionan as dúas fontes, na vella é certo que non funcionan. Votaremos a favor, tentamos arranxar as cousas no día a día.

D Xacobe García Soto (BNG).- Cando se propoñen as cousas no pleno é polo interese xeral, non por acritude ao grupo de goberno. Levan dous anos gobernando. Traemos realidades, quizás fai falla máis planificación, hai que coidar o patrimonio. As propostas son en beneficio dos veciños.

Alcalde.- O goberno non toma as propostas a mala sangue.

D Brais Fidalgo (RBC).- Agradecer o tono do concelleiro que asume o tono da moción. Esta moción non descoñece a realidade do municipio. Os veciños trasladan peticións aos concelleiros, son reivindicacións da veciñanza derivadas ao Pleno. Mostrar o noso recoñecemento aos traballadores municipais que se adican a limpeza, traballan arreo. É función dos concelleiros do goberno buscar solución á sobrecarga de tarefas pendentes. É unha cuestión de captación de recursos. A veciñanza quere solucións, non



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

cabe buscar excusas, nos traemos unha realidade que a veciñanza nos traslada. Igual se necesitan máis traballadores, hai que buscar recursos é responsabilidade do goberno. Para o noso grupo Ribadavia require máis que limpeza, require inversións como na Veronza Vella.

D Ricardo García Amaro (PSOE).- Esta moción se a trouxeras en maio sería de aplaudir. No momento en que a traes , todos os sitios están aptos para o baño, cabendo sempre algunha mellora. Fan falta inversións , a piscina está deteriorada.

Alcalde.- É verdade que a veciñanza traslada as inquietudes pero tamén dice o que está ben. Cando se fala de oportunismo , hai que ter en conta que hai actuacións na Veronza en que a reparación corresponde á Deputación, houbo unha moción anterior de Ribeiro en Común da que se lle deu traslado á Deputación, que vai a cambiar o mobiliario. A Veronza nova a que a tería que amañar é a Deputación. Non concordo co que se fala das áreas recreativas ¿ cantas hai legais na comarca? Unha en Avión nada máis, ditas áreas requiren socorristas e persoal habilitado. Cando acaban os colexios as áreas de baño xa están habilitadas. Ás veces no Avia ou na Quinzá non se pode bañar a xente pero é por causa de outras administracións. Se os traballadores da limpeza fan dobre turno é porque algún os organizan.

Sometida a votación a proposta obtéñense os seguintes votos a prol : PSOE (5), PP (5) , BNG, RBC e CxG, fica aprobada por unanimidade.

**5.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA PARTICIPE NO SUSTENTO DO ASILO DE RIBADAVIA E APOIE A IMPORTANTE FUNCIÓN SOCIAL QUE CUMPRE..-**

O secretario lee o Ditame da Comisión Informativa:



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

### Exposición de motivos

O luns 19 de xuño tivo lugar a última xuntanza ordinaria do Padroado da Fundación Asilo Nosa Señora dos Anxos de Ribadavia, do que forma parte un representante de cada grupo municipal, ademais do Alcalde como presidente do mesmo.

Nesta xuntanza o representante de Ribeiro en Común levou unha serie de propostas:

- 1ª. Proposta para que o Concello de Ribadavia, como parte principal da Fundación, estableza unha liña de Subvención- Axudas a censados no municipio que sexan residentes deste Asilo. Esta proposta debe ser aprobada polo Pleno do Concello de Ribadavia, como máximo órgano de representación, para que o goberno local proceda á súa aplicación segundo a norma vixente, co obxectivo de que o Concello de Ribadavia se involucre activamente no sustento do Asilo e da importante función social que cumpre na nosa sociedade, cousa que nunca se fixo.

- 2ª. Respecto da situación anual de déficit, propoñemos unha subida das taxas de residentes para o Asilo de Ribadavia, co obxectivo de reducir a diferenza entre ingresos e gastos da Fundación. Durante os últimos anos o déficit de cada exercicio anual é afrontado con recursos líquidos da propia Fundación. O noso grupo entende que neste momento é hora de homoxeneizar e subir as taxas, xa que este é un dos principais orixes do déficit anual que sofre o Asilo. Para que esta suba non repercuta negativamente nos usuarios e usuarias do Asilo de Ribadavia, Ribeiro en Común propón que desde o Concello se cree unha liña de axudas para os e as usuarias, que coincida coa subida que se debe implementar segundo o noso grupo para evitar o déficit anual que ten o Asilo. Déficit que alén de outras consideracións, para o noso grupo non é especialmente alarmante si o comparamos con outros servizos municipais, sendo este un servizo non municipal pero si de enorme importancia.

Non é comprensible que despois de tantos anos e sendo coñecedores desta realidade, o Concello de Ribadavia a través do seu goberno nunca optara por entrar a axudar economicamente ao Asilo de Ribadavia, como parte fundamental que é do mesmo, xa que sempre se optou por afrontar as perdas anuais a través dos recursos propios da Fundación e nunca a través do Concello.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

A perda do último exercicio 2016 foi de 49.845,65 euros. Sendo este déficit unha constante semellante en todos os exercicios, así por exemplo en 2009 foi de 51.243,67 euros, ou en 2015 de 61.785,17 euros.

Ribeiro en Común queremos que o Concello de Ribadavia asuma un papel máis importante e activo no Asilo de Ribadavia e na Fundación Asilo Nosa Señora dos Anxos da que forma parte. Tamén desde o punto de vista económico para que se abandone o hábito instaurado desde fai anos de botar man dos aforros do Asilo para compensar o déficit desta institución, que cumpre unha función social que debe ser blindada desde o noso Concello.

#### Un novo edificio para o Asilo de Ribadavia

Semella que existe consenso de todos os membros do Padroado de encomendar a realización dun anteproxecto para un novo edificio, co obxectivo de dispor deste documento para poder ter entrevistas institucionais e captar o apoio das Administracións superiores para o financiamento da obra, que segundo os arquitectos encargados ten unha previsión moi superior aos 4 millóns e medio de euros.

Neste sentido, ReC entende que o que urxe, ademais do anteproxecto arquitectónico encargado a dous arquitectos locais, é a elaboración dun plan económico- financeiro para a obtención de recursos cos que enfrontar esta nova construción, xa que ao final todo se vai reducir a si en Ribadavia temos capacidade para financiar e levar a cabo este proxecto.

#### Participación cidadá nun asunto de importancia social

Ribeiro en Común propuxo na última xuntanza do Padroado que se convoque por este unha Asemblea aberta a toda a cidadanía, con especial mención a usuarias/os e familiares, co obxectivo de aumentar a transparencia e a participación, e explicar abertamente a situación real do noso Asilo, ademais de explicar o anteproxecto que existe dun novo edificio e dun novo Asilo en Ribadavia.

Esta función informativa e participativa tamén é unha labor da propia Corporación municipal e de todos os grupos municipais con presenza todos no propio Padroado. Neste sentido entendemos que a Corporación debe exercer esa responsabilidade de informar e recoller propostas cidadás.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que o Concello de Ribadavia se implique no sustento económico do Asilo de Ribadavia a través dunha liña de axudas a usuarias/os, de acordo a norma vixente.

2. Que o Concello de Ribadavia aporte unha subvención por importe da cantidade que decida subir o Padroado da Fundación Asilo Nosa Señora dos Anxos de Ribadavia, de acordo á situación financeira da mesma, e sempre de acordo á norma vixente.

3. Que o Concello de Ribadavia comece a xestión de entrevistas e xuntanzas con Administracións superiores co obxectivo de captar o seu apoio para o financiamento da obra do novo Asilo.

4. Que o Concello de Ribadavia proceda inmediatamente á elaboración dun plan económico- financeiro para a obtención de recursos cos que afrontar esta nova construción, co obxectivo de termos capacidade para financiar e levar a cabo este proxecto.

5. Que o Concello de Ribadavia se comprometa na práctica coa transparencia e participación cidadá neste tema, e promocióne no Padroado ou convoque como Concello asembleas e xuntanzas informativas nas que participemos todos os grupos coa cidadanía, usuarios e usuarias e os seus familiares.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- A función social e pública do asilo é algo a manter, o concello non fai todo o que podería facer. Debería haber unha asunción orzamentaria. O día 19 de xuño houbo unha reunión do Padroado do asilo na que se presentaron as contas con transparencia, no ano 2016 houbo unha perda económica de 49.000 euros. É un servizo público, non unha empresa privada. O concello debe involucrarse ; hai unha potencial problemática , a lei Montoro impide que un concello financie directamente un asilo. Habería que buscar fórmulas alternativas, esta é unha proposta aberta e flexible. A proposta base é establecer axudas aos usuarios e calcular a



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

suba das cuotas outorgando a correspondente subvención. Os aforros e recursos do asilo van menguando ano tras ano. O concello se ten que involucrar no servizo, hai servizos con menos importancia social que ten máis perdas. Pedimos apoio en implicarse no sustento económico do asilo. Na xuntanza de 19 de xuño houbo acordo en buscar un novo edificio, para que haxa un concerto coa Xunta de Galicia e que subvencione. Co novo Plan Xeral o que toca é buscar recursos. Fai falla un plan financeiro para buscar recursos para que haxa un novo edificio. Para aumentar a interacción coa cidadanía que haxa reunións cos veciños para falar do tema, que haxa información oficial e se dispen as dúbidas.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Voume abster, é unha moción oportunista aínda que lexítima. No padroado do asilo hai un consenso de boa fe, a prudencia e o traballo no Padroado é riguroso, é a forma de levar este tema. Con transparencia, o xerente pode facer declaracións e rendicións de contas anuais. De momento hai cartos de abondo para manter a situación, as novas cuotas están actualizadas. Hai un anteproxecto do edificio é un paso moi importante. No padroado se acordará onde buscar a financiación, hai partida para o estudo arqueolóxico. O tema se leva con sixilo, con traballo e total transparencia.

D Xacobe García Soto (BNG).- Recoñecer o traballo da xerencia do asilo, é un traballador que se preocupa e asume a problemática. Eu concordo co que plantexa a moción, houbo unha moción do BNG para construír un novo asilo. É unha liña na que se ven traballando polo goberno, é quen ten que atopar os recursos para construír o novo edificio. Non se xeran ingresos suficientes para manter o servizo. O edificio actual é unha perda para o propio asilo, o concello e os usuarios.

A moción é unha medida intermedia ata a construción da nova residencia. É unha boa proposta, os usuarios deben recibir a axuda pública. Coincidimos na necesidade de informar ao resto dos veciños, deben coñecer a realidade económica do asilo. A información aos veciños é unha obriga neste tema.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Foron saíndo diferentes cuestións. O asilo é un tema sensible. A fundación do asilo é unha persoa xurídica privada, cun padroado no que están representados os gñr o pleno do concello é o que toma as decisións orzamentarias. Este acordo requiriría unha posterior modificación orzamentaria. Nos estamos de acordo en que esta proposta se faga, eiquí, no pleno do concello. Téntase garantir a sustentabilidade económica ata a construción do novo asilo que subsane as eivas económicas e de servizo. Un novo asilo permitiría integrarse nas liñas de financiamento públicas. Estamos a favor.

Alcalde.- Nos imos a abster, poderían facer unha modificación orzamentaria, ou prever unha partida no próximo orzamento, coma se o concello fose o Banco de España. No padroado de 19 de xuño se esixiron datas e cronograma, a fin de ano que houbo proxecto e plan económico financeiro. Hai un erro de concepto grave, é unha fundación privada, eu quedaría estupendamente decindo a todo que sí. Temos un padroado no que somos todos responsables. Se queren integramos o asilo no concello e o facemos municipal. Eu podo entender o primeiro punto da proposta, os demais non se



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

poden facer, como imos facer un plan económico financeiro cando non sabemos o que vai a costar, o custo do mobiliario, do persoal. Esta moción se trae a pleno despois de falar no órgano que corresponde. O día 19 se pediu un informe do arqueólogo que é imprescindible, ese informe estaba dous días despois. Nos somos prudentes no tema do asilo, sí.

Eu non quito información sobre o asilo, só cando un grupo saca información sobre o Padroado. ¿ Por qué non se saca unha nota de prensa despois das reunións do Padroado? Todos somos responsables do padroado, hai 600.000 euros na caixa do Padroado. O ano pasado non houbo perdas. As prazas son máis económicas comparativamente, o custe real de algunhas prazas é menos do que se cobra. Nos dous primeiros puntos da moción tería que poñer Padroado. Non se pode alarmar con este tema tan sensible, os 60.000 euros do ano pasado non foron perdas, se deixaron de ingresar. Non estou de acordo en subir taxas , nin que o concello asuma o déficit transitorio. Fai dous días no padroado se acordou outra cousa e despois se presenta esta moción, os dous días xa estaba o custe do informe do arqueólogo, no padroado se acordaron uns prazos.

O PP era o que decía que o padroado ía desaparecer e que perdía cartos. Dende o ano 2009, as perdas, por chamarlas así, foron disminuindo. Dos 40.000 euros de perdas, 20.000 son de inversión. Hai que afrontar o futuro do asilo ,con recursos de outras administracións. Eu son presidente do padroado, podía traer unha modificación orzamentaria de 100.000 euros para o asilo, pero a ver de onde se quitan. Eu non quero facer política de este tema. Ofrezco que se fagan notas de prensa dende o padroado. Todos estes temas están en marcha, o concello non pode asumir problemas de outras administracións. A sede para discutir isto é o padroado.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- A miña posición é clara, a expresei na primeira intervención. O asilo hai moitos anos que leva funcionando sen axuda do concello. É unha cuestión a levar con seriedade e sixilo. Esas notas de prensa xeran alarma. Sobra espazo neste plenario para facer política. Este tema hai que levalo con prudencia e sen xerar alarma social.

D Xacobe García Soto ( BNG).- É un servizo público para Ribadavia como non se vai a facer política. Non se pediu antes un asilo a outras administracións porque xa o tiñamos, o actual non cumpre as condicións dun asilo do século XXI. É responsabilidade do goberno buscar recursos para o novo asilo, non é responsabilidade dun padroado privado. O concerto económico co asilo corresponde a administracións superiores, o concello non ten capacidade económica.

Levar o tema con secretismo, non falar coa prensa non o vexo un mérito. Non fuimos elexidos para ser membros do padroado senón representantes públicos. Eu non vexo problema en informar a xente.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos volven a sinalar como responsables de facer público o balance anual do padroado para serrar alarma. No diario a Voz de Galicia de maio de 2017 saen unhas declaracións do señor alcalde, con varios entrecomillados, por exemplo “ o grupo de goberno pensa que a solución o asilo é un novo edificio”, sulñar que hai varios entrecomillados de declaracións do alcalde, non do presidente do padroado.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Alcalde.- Eu non fixen a declaración.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Entendo que hai unha cuestión de fondo que é o que se trae ao plenario, liñas de axuda transitorias para equilibrar o balance do asilo. A prudencia que se pide a oposición a temos que exercitar todos. O triste sería non informar á cidadanía, non informar sobre a situación. Un político debe ter un código ético no que non cabe a mentira, un representante público que minta debería dimitir. Como o que se fala responde a verdade, estamos de acordo en articular liñas transitorias para equilibrar o balance do asilo.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- De novo unha moción formulada en clave positiva , que o concello se implique financieramente no asilo presidido polo alcalde, é recepciónada polo goberno como un ataque. A moción se recibe pexorativamente. Na reunión do padroado de 19 de xuño estaban representados todos os grupos, se expuso esta proposta, é, como o órgano competente é o pleno se avisou de que se ía traer. Este grupo non entende o problema de traer esta proposta , a reacción non é lóxica. A tarefa de calquera goberno é facer un orzamento, marcar a liña de inversión dos cartos públicos, entendemos que o concello ten que involucrarse no asilo. Non toleramos o calificativo de oportunista. Non se entende que se descalifique a moción por un grupo da oposición que é a pata de banco do goberno. Pedimos luz e taquígrafos, estamos de acordo en que haxa unha nota de prensa das reunións do padroado. A situación do asilo é responsabilidade de todo o padroado, por iso se levou a proposta ao padroado, pero a competencia para a modificación orzamentaria é do pleno. Socialmente hai falta de información sobre o tema do asilo. Oportunismo é anotarse obras de outras administracións como propias. Ribeiro en Común foi responsable con este tema, basta leer as notas de prensa. Defendemos a xestión do xerente, dixemos que non era un exceso de balance negativo e que non era unha empresa privada. Trasladamos o que o noso electorado nos esixe. Este pleno ten potestada para aprobar esta moción, no padroado o 90% da representación é de este pleno. Ribeiro en Común chama a atención sobre os prazos, Ribadavia ten un longo currículo de proxectos non levados a cabo. Siento as abstencións e as críticas.

Alcalde.- A vostede non lle gusta que algún grupo diga moción oportunista, forma parte da dialéctica política. Dice que nos poñamos a traballar como senón o fixeramos. O do informe do arqueólogo estaba en dous días.

A moción se vai a aprobar, outra cuestión , según argumentan vostedes, desde a súa forma de velo, e que o goberno decidirá despois. O concello de Ribadavia non pode asumir algún dos puntos, non pode facer un plan económico financeiro porque é competencia do padroado non do concello. Falamos no padroado e dous días despois en nota de prensa se critica esa forma de traballar. Da a impresión de que non hai información no padroado cando ten as contas todos os días. Foi este goberno o que fixo que no padroado do asilo estiveran representados todos os grupos, antes non, a xestión era boa pero non era transparente.

Eu non fixen esa nota de prensa, se atopa unha nota de prensa de este goberno sobre o asilo lle cedo o posto. Eu saí a contestar a outros grupos pero nunca fixe unha nota de





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

prensa. Que un político do PP diga que un político debe ter un código ético no que non cabe a mentira, co que se está escoitando estes días. Hai que chegar a acordos o máis unánimes posibles no padroado.

Respecto da transparencia , eu digo que non falo na prensa de determinados temas , non vaia a acontecer tentacións de que ese asilo ou ese padroado caigan en certas mans. Eu como alcalde non o vou a consentir. Si se está a falar do que costa o novo asilo é poñer en bandeixa a certas mans.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Eu me presentei ás eleccións para ser alcalde, non para estar na oposición , logo cos resultados me tocou estar na oposición.Eu non son pata de banco de ninguén, presto apoio nos temas serios dos veciños.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), BNG e RBC , abstención PSOE (5) e CxG, fica aprobada por maioría absoluta.

## **6 PROPOSTA DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CLUBE CICLISTA RAIDERS DO RIBEIRO.-**

O secretario lee o Ditame da Comisión Informativa do seguinte tenor literal:

Vista a solicitude presentada con rexistro de entrada no concello 2522 de 6 de xuño de 2017, por don Moisés González Domínguez, en representación do Club Ciclista Raiders do Ribeiro, de inscrición no Rexistro Municipal de Clubs Deportivos de Ribadavia.

Vista a documentación adxunta á solicitude: estatutos, acta de constitución, número de identificación fiscal e Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de inscrición no Rexistro de Asociación Deportivas de Galicia.

Proponse:

-Inscribir ao Club Ciclista Raiders do Ribeiro no Rexistro Municipal de Clubs Deportivos de Ribadavia.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ESIXIR A DIMISIÓN DA CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL.**

Vanse facer dous meses dende que o Ribeiro e o resto da provincia de Ourense sufriu unha devastadora situación para o sector produtivo primario, castañas, avellas e viñas sufriron as consecuencias dunha gran xeadada. O noso concello viuse afectado dunha forma seria e contundente, ocasionando grandes perdas a moitos dos nosos



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

veciños, que se non é o caso de vivir do viño directamente si se ten como un suplemento que permite poder chegar a final de mes. A realidade actual é que pese a térmomos manifestado a prol da concesión de axudas directas e pese a terse movilizado o sector a Xunta segue pasiva ante o acontecido. A actual Conselleira do medio rural non só se ten negado a asumir partidas de axudas directas ao viticultor se non que tense rido do sector vitícola entre outros. Dende o concello de Ribadavia non podemos permitir que Angeles Vázquez pense que a loita polos dereitos dos nosos veciños ficou esquecida tras dous meses, non podemos permitir que nos chamen rémoras do sector público cando insinúa que o viticultor depende de subvencións, nin podemos quedar calados como concello cando a señora Conselleira argumenta que “ o que é asegurable non é subvencionable”. Ten tido varas de medir distintas en función a quen sexa o afectado, e como Capital da comarca vitivinícola máis antiga de Galiza non podemos permitir que se nos tome o pelo desta maneira.

A única medida real que se implementou dende a Consellería e que se ven de por en marcha a semana pasada, é priorizar na concesión de subvencións a renovación do viñado- subvencións por outra parte que xa lle pertence directamente ao sector e que non van a garantir a supervivencia das viñas actuais- as afectadas polas xeadas.

1 Esixir ao goberno da Xunta de Galiza cese de inmediato a Conselleira de Medio Rural pola súa incompetencia á hora de tratar cun dos sectores máis importantes para o País e para O Ribeiro.

2 Declarar a Conselleira de Medio Rural persoa non Grata no concello de Ribadavia ate que se tome en serio as problemáticas do sector vitivinícola.

D Xacobe García Soto ( BNG).- É unha moción en clave de enfado. A actitude da concelleira é negligente, dous meses despois da xeadas a única medida é priorizar os viticultores afectados na subvención de reestruturación do viñado. A conselleira da a entender que os viticultores e traballadores do agro vivimos das subvencións, e que non contratamos seguros para que pague a administración.. A reivindicación segue ahí.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Voume abster, estou de acordo en solicitar a dimisión , non no tema de declarar persoa non grata. Pido que dimitan os tres deputados da comarca do Ribeiro, que además dous son viticultores.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- O comportamento da conselleira falta ao respecto a moita xente. O concello ten potestada para pedir dimisión e , incluso, que se retracte das súas palabras. Se non se atende á cidadanía nestes casos para que están os gobernos.

Pido engadir que se traslade este acordo aos demais concellos da comarca e á Consellería de Medio Rural. Pido que se poña de novo a pancarta no balcón do concello.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos votar en contra, non entendemos a petición de dimisión. Dende o primeiro momento se manifestou que era necesario tomar medidas. No Parlamento houbo unha proposición non de lei asinado por eses dous parlamentarios dos que antes se falaba, solicitando exención na contribución da Seguridade Social, exencións do IRPF, nos exercicios 2017 e 2018, para os viticultores afectados e axudas para repoda e replantación. Pode parecer insuficiente, como moita xente da comarca nos adicamos a viticultura e somos conscientes do gasto e esforzo en sacar adiante a colleita. Un concello non pode declarar persoa non grata e logo pretender que esa persoa nos veña a inaugurar eventos, así non viría a Feira do Viño. Somos conscientes do problema que existe, non foi posible liñas de axuda directas, sí de forma indirecta coa orde de reestruturación de viñedos. Non coincido en que non se fixo nada.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O tema de persoa non grata pode parecer demasiado forte. De folclórico non ten nada, con cambiar unha palabra no concepto cambiaría a situación, que dixera ATP, agricultor a tempo parcial en vez de agricultor a tempo completo. Cando ían a ser as eleccións sí houbo axudas directas a agricultores e concellos polos danos do granizo, ata sobrou diñeiro.

Hai un problema os seguros agrarios están por encima do precio da uva nesta denominación de orixe, nas outras non, en Valdeorras está a metade do prezo. A solución non está nos seguros, hai que ensinar a pescar, non dar peces. Houbo xornadas do Consello Regulador que orientou. A climatoloxía e as xeadas se xuntaron, a situación social cambiou, poucos viticultores a tempo completo hai. Non houbo sensibilidade nin información por parte da Consellería. Farían falla fórmulas de axuda e tentar prever de cara ao futuro, se mañá ven outra non hai información nin prevención por parte da Xunta. O seguro agrario palía pero non resolve o problema. As vides se ven afectadas para a próxima colleita. Aos colleiteiros o que máis lles afecta é perder cuota de mercado. Estas reivindicacións non a tomen como crítica como parte do Goberno de Galicia. Cambie esa letra final no concepto.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Eu apoiaría a moción se se retira o de persoa non grata. Neste tema non hai folclore ningún, son cuestións moi serias.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Na proposición non de lei que presentou o PP no Parlamento ía o tema dos fitosanitarios, o PSOE non o apoiou. No tema de exención de seguridade social e axudas por dous exercicios, a proposición do PP se votou a favor. Tamén se pedíu que nas ordes de axuda para novas plantacións se primasen as zonas libres de xeadas que as hai. Dentro de cada denominación de orixe a incidencia foi distinta. Afecto a zonas que non eran tradicionalmente de plantación de viño. Houbo zonas de ladeiras altas que antes estaban cultivadas ás que non afectou. A administración ten que estar á altura de estas catástrofes, se deron pasos que quizás non palían o 100%. Achegue ese discurso que fixo ao seu grupo parlamentario.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- A xeadas chegou a zonas en que habitualmente non neva, no val do Avia foi devastadora. A merma sobre o total da denominación de orixe non é tan importante, pero hai zonas de perda do 100%. Hai mecanismos



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

individualizados que a Consellería podería impulsar e que o viticultor se sentiría amparado. Cambie o significado de esa p final no concepto.

D Xacobe García Soto ( BNG).- O motivo polo que as explotacións vitivinícolas se ubican abaixo non é cuestión do pleno, a consellería fixo unhas propostas insuficientes ou, directamente, lle toma o pelo a esta denominación de orixe. A xeadada que se produxo a única que se pode achegar é a do ano 41 e non foi nin a metade.Foi unha situación excepcional. A realidade é moi distinta, o único terreo que se pode traballar é a beira do río. Eu nunca vín a viña tan ennegrecida. A conselleira dixo que as últimas choivas foron moi positivas, que saíron brotes verdes nas viñas,é unha tomadura de pelo.É motivo suficiente para afirmar que esta señora non vale. A mel, a castaña, o sector leiteiro outros sectores están en situación grave. O Ribeiro non precisa de esa señora, que é non grata eiquí.

Alcalde.- A nos tampouco nos gusta, a dimisión é suficiente por incompetencia manifesta. Sería convinte retirar o de persoa non grata. Se adoptan eses calificativos en algúns acordos e logo se lle esixe ao alcalde que chegue a acordos con esas administracións. A nos coa solicitude de dimisión nos chega.

D Xacobe García Soto (BNG).- Non o retiro.

Sometida a votación a proposta obtéñese o seguinte resultado votos a prol PSOE (5), RBC, BGN, ; abstención PP (5) e CxG, fica aprobada por maioría absoluta.

## **8.PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG A PROL DA IMPLANTACIÓN DO NIVEL AVANZADO DE INGLÉS NO IES O RIBEIRO.**

O secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura do seguinte tenor literal:

Exposición de motivos

No curso académico 2012-2013 produciuse a implantación no IES O Ribeiro dos niveis básicos e intermedio de inglés na Escola Oficial de Idiomas. Neste período , a resposta do alumnado mellorou mesmo as expectativas de quen o viñamos demandando.

A esta elevada demanda social compre engadir que a implantación destas ensinanzas apenas suporá gastos engadidos para a Consellería de Educación pois xa se atopan no IES O Ribeiro as dotacións e o persoal necesario . O centro dispón das instalacións físicas necesarias: aulas, servizos comúns. Tampouco se precisa maior dotación de persoal auxiliar e de servizos en canto ao persoal docente o xa destinado pode exercer nesta nova oferta educativa polo que apenas se incrementaría o profesorado actual.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Asemade, o superior de inglés é a continuidade lóxica para quen rematan os estudos de nivel intermedio en Ribadavia, sen ter que desplazarse a outras localidades. Dada a realidade do transporte público na nosa comarca e a dificultade de desplazarnos en horarios normais , así como , a alta demanda destes niveis na EOI de Ourense, fai máis necesario que nunca esta implantación.

En definitiva, estes estudos que se propoñen implantar para o vindeiro curso tamén son unha aposta de País. Reforzase un centro educativo público cun escaso investimento e complementábase a oferta formativa no interior galego, un territorio para o que é vital ofrecer posibilidades de formación e desenvolvemento profesional á escasa poboación xove que aínda se mantén.

Por estes motivos acordase:

1 Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a implantar no vindeiro curso 2017-2018 no IES O Ribeiro o nivel avanzado de inglés na Escola Oficial de Idiomas.

2 Trasladar este acordo aos demais concellos da comarca do Ribeiro e á Deputación Provincial de Ourense

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, , B.N.G., e Agrupación de Electores Ribeiro en Común, PSOE (dous), e CxG reservándose para o Pleno o PP ( dous). Por conseguinte fica ditaminada favorablemente.

D Xacobe García Soto ( BNG).- A moción se trouxo outras veces. A realidade actual do transporte público para ir a Escola Oficial de Idiomas de Ourense é mala. A demanda de inglés é alta, é unha oportunidade para que a xente de Ribadavia remate eiquí os seus estudos.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Estamos de acordo, como estivemos no ciclo superior de viticultura.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- É unha moción xusta, o espírito é reivindicar un servizo para o rural. Existe demanda, é unha boa iniciativa.É moi difícil ir a Ourense en transporte público , é unha boa iniciativa.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor, como en outras ocasións en que se trouxo. Existen dúas categorías nas Escolas Oficiais de Idiomas, as delegacións de nivel avanzado e as seccións nas que non se tramitan matrículas. É unha proposta positiva, hai que reforzar a matrícula en estes centros , o concello se ten que implicar como en outros ciclos educativos que requiren un nivel de matrícula para mantelos. Dende o concello hai que visualizar a presenza dos ciclos. É necesario a difusión para que funcione.

Dª María López Touza, concelleira de Cultura.- Estamos a favor da moción, supón un



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

incremento de servizos educativos para Ribadavia, é positivo.

D Xacobe García Soto ( BNG).-Respecto do ciclo de viticultura espero que suba a matriculación o próximo ano , o concello e a denominación de orixe se deben implicar en traer xente a estes ciclos.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

## **9.APROBACIÓN DA CONTA XERAL**

A intervención formou a Conta Xeral correspondente o exercicio de 2016, de acordo co disposto no título IV da Instrucción de Contabilidade local ( módulo normal) do 23 de novembro de 2004, que está integrada exclusivamente polo concello de Ribadavia.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, considerando que constan no expediente tódolos documentos esixidos pola lexislación vixente informou favorablemente a referida conta.

Posta de manifesto ó publico polo prazo legalmente esixido non se formularon alegacións.

Acordase:

Aprobar a Conta Xeral correspondente o exercicio de 2016 do concello de Ribadavia.

D Javier Iglesias Sendín( PSOE).- É o movemento contable de todo o exercicio, non houbo alegacións.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (5) e CxG , abstencións PP (5), RBC e BNG.

## **10.MODIFICACIÓN DO RUEIRO MUNICIPAL**

Existindo demanda veciñal ao respecto e coa finalidade de adecuar o rueiro á realidade e evitar calquera tipo de problemas aos veciños afectados( notificacións de correos, empadronamentos, etcétera..) acórdase:

PRIMEIRO. Dar de alta no rueiro de Ribadavia as seguintes rúas:

- Camiño Verdelleira.
- Antigo camiño subida a Franqueirán
- Camiño das Canliñas
- Rúa Xarmenta.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**SEGUNDO.-** Rectificar o número do edificio antiga Travesía do Ribeiro 2 , que a data figura co número 67 de Travesía do Ribeiro que pasa a ser Travesía do Ribeiro 69.

Terceiro:- Notificar o presente acordo ao Instituto Nacional de Estadística e realizar os trámites oportunos ante a Oficina do Catastro.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **11.MOCIÓN ITV VEHÍCULOS AGRÍCOLAS ( PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA)**

A Inspección técnica de vehículos (I.T.V.), a través da súa unidade móbil convencional, leva vindo o Concello de Ribadavia, co obxecto de que os titulares de vehículos e tractores agrícolas poidan pasar a inspección obrigatoria. Ata agora a frecuencia era de catro veces o ano.

Dias atrás enterámonos que a partir da data os tractores agrícolas ían deixar de pasar a súa inspección técnica nas denominadas unidades móbiles convencionais, e así ían desprazarse o Concello unha Unidade móbil específica para este tipo de vehículos, cunha periodicidade anual e soamente un día, cos conseguintes perxuízos para os titulares destes vehículos que teran que desprazarse a outros Concellos

Por todo iso, propónse o Pleno o seguinte,

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Instar a Consellería de Industria e aos responsables da Inspección Técnica de Vehículos, empresa concesionaria do servizo, a replantearse esa medida, no senso que alomenos o desprazamento da Unidade técnica especial para este tipo de vehículos se traslade o Concello de Ribadavia dúas veces o ano (periodicidade semestral) e varios días consecutivos co obxecto de que os vehículos que teñan algunha deficiencia na primeira inspección poidan pasar o seguinte día a correspondente inspección, co obxecto evitar desprazamento as outras localidades e pago de novas taxas.

**SEGUNDA.-** Dar traslado deste acordo a todos os Concellos da Comarca do Ribeiro.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.





Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**12. EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O ACTUAL EJERCICIO.**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito , financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidos, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, co seguinte detalle:

**1º CREDITOS NECESARIOS:**

- *Creditos extraordinarios (Partidas non existentes no Orzamento)*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
33662300 0	12.595,49	12.595,49		Aportación municipal o Proxecto "Realización de accesos y aseos no Castelo dos Sarmiento de Ribadavia".

**R E S U M O**

*Tota creditos extraordinarios e suplementos de crédito ..... 12.595,49*  
*Total créditos necesarios ..... 12.595,49*

**IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 12.595,49**  
=====

**2º.- FINANCIAMIENTO**

*Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:*

- Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.*
- Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.*
- Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Disminución que se prop.</i>	<i>Total</i>	
12100.932	14.574,91	4.218,67	10.356,24	(1)
12000.920	27.152,44	3.394,05	23.758,39	(2)





Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

12100.920	32.883,62	2.435,54	30.448,08	(3)
12101.920	34.542,61	2.547,23	31.995,38	(4)

Total disminución que se propón----- 12.595,49

(1) *Retribución Complementaria (Complemento Destino) da praza vacante de Auxiliar Recadación, 4 meses de dotación orzamentaria e retribucion Complementaria (Complemento de Destino) da praza vacante de Interventor, 5 meses de dotación orzamentaria).*

(2) *Retribución Básica (Sueldo Base) da praza vacante de Secretaria , 3 meses de dotación orzamentaria.*

(3) *Retribución Complementaria (Complemento Destino) da praza vacante de Secretaria 3 meses de dotación orzamentaria.*

(4) *Retribución Complementaria (Complemento Específico) da praza vacante de Secretaria 3 meses de dotación orzamentaria.*

=====

#### RESUMO

- *Cantidade que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería----- 0 euros.*
- *Cantidade que se utiliza procedente de novos o maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente----- 0 euros.*

*Cantidade que se utiliza procedente de anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo-----12.595,49 euros*

**SEGUNDO:-** Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia , polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións ; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

Alcalde.- A urxencia ven porque se acadou unha subvención para rampas e aseos no auditorio do Castelos, se acadou un 75%, non se acadou o máximo 80% por non ter aprobado o Plan Xeral. O concello ten que poñer 12.500 euros , dun importe total de 49.500 euros. É necesaria unha modificación orzamentaria para acometer a obra.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- É unha actuación necesaria, imprescindible.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Moi boa noticia, a Feira da Istoría se celebra nunhas instalacións francamente mellorables. O noso grupo pedíu estas melloras, había un



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

acordo con RBC para mellorar os camerinos do auditorio. Agradecer a subvención á Dirección Xeral de Turismo da Xunta.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Estamos a favor, recordar a situación do interior do castelo; a valla delimitadora entre o auditorio e o espazo arqueolóxico e a iluminación poderían estar moito mellor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos alegramos de que se leve a cabo esta actuación.

D Javier Iglesias Sendín ( PSOE).- agradecemos o apoio de todos os grupos, non conleva a totalidade da actuación, tentaremos metela como mellora.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

### **13.MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.deG. P.S.O.E., SOBRE NOMEAMENTO DO AUDITORIO DO CASTELO COMO AUDITORIO "RUBEN GARCIA".-**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado 27 de febreiro presentouse na sesión ordinaria do Pleno unha proposta para o nomeamento do auditorio do Castelo como Auditorio "Ruben Garcia". Dita proposta quedou sobre a mesa co obxecto de iniciar un procedemento de adhesión co obxecto de dignificar a homenaxe que se quere facer, así mesmo falouse coa familia co obxecto de tratar de articular o procedemento.

Con data do 1 de xuño de 2017 a familia de Ruben Garcia presentou escrito no Concello acompañado de adhesiones de institucións oficiais, asociacións, compañías teatrais, actores..., no que solicita a tramitación do expediente de honra e o nomeamento do auditorio do Castelo como Auditorio "Rubén Garcia".

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) é o festival internacional de teatro máis importante do teatro galego. Naceu no ano 1984, coa dirección de Rubén e alentado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, co afán de crear un espazo de exhibición e un encontro escénico internacional, como continuación das Mostras de Teatro Abrente de Ribadavia celebradas entre 1973 e 1981.

Rubén García, impulsou a Mostra de Teatro Galego Abrente en Ribadavia, en 1973, con só vinte e dous anos, xunto con outros históricos do teatro como Manuel Lourenzo. Foi director artístico da feria galega de artes escénicas, director de grupos afeccionados como o Teatro do Vilar; impulsor da Mostra de Teatro en Ribadavia, cando ésta aínda pasaba desapercibida no mapa; e director da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia dende que comezou en 1984.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Dende 1981 ata 1984 fixo os traballos de dirección da Mostra Galega de Teatro, ata que se conseguiu a internacionalidade da MIT, grazas a súa adicación e amor polo teatro. Cos poucos fondos e recursos cos que se contaban, xa naqueles anos pasaron por Ribadavia compañías de renome, profesionais e internacionais como Teatro Corsario, La Cubana, Tanttaka Teatroa, Animalario, Teatro do Noroeste e Teatro en el Aire, e La Fura dels baus, entre outras

Un home de teatro, un home comprometido que conseguiu contaxiar a súa paixón teatral a todos e cada un dos cidadáns de Ribadavia e os que pasaron pola Mostra, de ideoloxías, idades e ideas distintas.

Pódese considerar, por todo esto, a Rubén Gracía como un dos pais do teatro galego; un referente do teatro galego que tivemos a sorte de ter entre nós ata 2008.

#### BILBLIOGRAFÍA

1. <http://aaag.gal/mariacasares/edicions/edicion-xii/premio-de-honra/2770>

#### **RUBÉN GARCÍA**

Nacido en 1951 en Ribadavia, Rubén García comezou a traballar a prol da cultura a principio dos anos setenta. Pouco tardou en unirse ao grupo de pioneiros que, por aquela época, puxo a andar a Agrupación Cultural Abrente. A entidade buscou a difusión da cultura do país dende diferentes disciplinas, destacando o seu máximo interese polo teatro. Neste senso, o grupo decidiu promover a partir de 1973 as Mostras de Teatro Galego Abrente. Así Ribadavia converteuse nun centro de referencia para o teatro profesional incipiente. García encargouse da dirección da Mostra durante as oito edicións que se celebraron. A partir de 1984, Rubén García converteuse no director da Mostra Internacional de Teatro.

Rubén García tamén deixou a súa pegada, entre outras moitas iniciativas, na Feira das Artes Escénicas de Galicia, da que foi director en nove ocasións. García, ademais, combinou a súa actividade como responsable das mostras xa citadas coa dirección escénica nas montaxes do grupo Teatro do Vilar, formación de afeccionados nacida en 1983 por iniciativa de Valentín Fariña.

Na gala dos XII Premios de Teatro María Casares, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia concedeu o Premio de Honra Marisa Soto polo seu labor a prol do teatro, a súa implicación na profesionalización e o seu desempeño como impulsor e director das Mostras de Ribadavia. García aceptou o galardón como unha honra. “Se algunha vez pensei ou quixen ter un premio, era este”, asegurou daquela. O 27 de marzo de 2008 recolleu o galardón no Teatro Rosalía de Castro da Coruña entre os aplausos e o recoñecemento da profesión. Faleceu sete meses despois, o 21 de outubro, recibindo unha gran homenaxe na súa localidade natal.

2. <http://mayanbstudio.blogspot.com.es/2008/10/ruben-garcia-mit-ribadavia.html>



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Rubén García director de la Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia desde su comienzo en 1984. Fundador de la Mostra de Teatro Galego Abrente en 1973 junto con otros históricos del teatro como Manuel Lourenzo.

3. <http://www.laregion.es/articulo/o-ribeiro/fallece-57-anos-ruben-garcia-impulsor-teatro-ribadavia/20081023090444067614.html>

El presidente del Centro de Estudios Medievales, José Luis Chao, se mostró terriblemente afectado porque ‘éramos amigos desde niños, vivimos juntos en Londres y compartimos muchas cosas’. Rubén García, según explicó su amigo, empezó a trabajar por la cultura en el año 1972 con la Asociación Abrente, que se encargó de organizar la Mostra Internacional de Teatro durante ocho años, hasta que se hizo cargo el Concello contando con él desde entonces. ‘Sabía que no estaría en la 25 edición de la Mostra y eso le producía mucha pena, porque además de su familia, el teatro era su vida’.

4. <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesterradesoneira/system/files/ribadavia.pdf>

1. Que o auditorio do Castelo pase a chamarse Auditorio Rubén García.
2. Colocación duna placa co seu nome e recoñecemento ó seu traballo e sinalización do Auditorio co seu nome.
3. Darlle publicidade o presente acordo co obxecto de que as entidades, asociacións, colectivos culturais en xeral e persoas físicas que no o houberan feito ata agora poidan adherirse o presente expediente de honra o fin de darlle un maior realce e dignificación a homenaxe.

D<sup>a</sup> María López Touza, concelleira de Cultura.- Retomamos o tema que vino a pleno en febreiro. A razón da urxencia é que o homenaxe se leve a cabo na Mostra Internacional de Teatro.

D Manuel Vázquez López ( CxG)-Entendo o plantexamento da urxencia.

D Brais Fidalgo Martínez ( RBC).- Unha semana antes dos plenos hai comisións informativas , na que se levan propostas e mocións.Despois se presentan mocións de urxencia. Non se nos deu traslado de esta moción na comisión informativa, a recibimos hoxe ás once da mañá. O obxectivo é unha homenaxe a un veciño cun papel moi importante na Mostra Internacional de Teatro. Expreso o meu malestar polo método da urxencia, para poder estudar a moción con máis tempo.Estamos de acordo en facelo nesta edición da Mostra de Teatro. Abstención no tema da urxencia

D Xacobe Garcia Soto ( BNG).- Non entendo a urxencia, se pudo tratar na Comisión Informativa. A moción que se presenta é similar a do pleno de febreiro , a data da Mostra de Teatro se coñecía antes, estamos en contra da urxencia.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Coincido co que se dice do tema da urxencia, imos votar en contra da urxencia, para evitar que se abuse do método da urxencia, como pasou no anterior pleno coa moción do campo de fútbol de herba.

Sometida a votación a urxencia obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (5) e CxG, votos en contra PP (5) e BNG , abstención Ribeiro en Común.

Se repite a votación co mesmo resultado; se plantexa a dúbida de se a urxencia queda aprobada , se produce un intervalo o secretario abandona o salón de sesións para buscar o Regulamento de organización das entidades locais.

D Celso Sotelo Barros (PP).- Un tema así ten que vir consensuado por unanimidade.

D César .- Caso de que fose necesario o voto do PP sería a favor de que se trate a cuestión.

O secretario manifesta que é positivo o resultado decidindo o voto de calidade do alcalde.

Alcalde.- Cada grupo trae as súas mocións, as súas propostas, O goberno ten iniciativas , as veces as trae ao pleno. A urxencia non está mal acaída , polo contrario neste tema eu penso que imos moi tarde. Trouxemos a moción en febreiro , e quedou aplazada porque o PP quería máis realce.Seguimos defendendo que o auditorio se chame Rubén García. A mín me ten chegado mocións de varios folios o día anterior ou o mesmo día.Esta corporación sempre aprobou as urxencias.Houbo plenos moi brancos, incluso con insultos e as urxencias sempre se aprobaron. O máis xusto para este pobo é chamar o auditorio Rubén García. Rubén non merece menos que outros homenaxeados, o homenax do concello chega tarde.

D Manuel Vázquez López ( CxG).- Como veciño, polo seu traballo e forma de ser o merece sobradamente.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Saúdo á familia, eu gardo un grato recordo, é un homenaxe ao eterno director da Mostra de Teatro, é un homenaxe xusto. Tamén pedimos un homenaxa para o alcalde republicano de Ribadavia. Non debería ter que debatirse a urxencia ou a actuación dun grupo, o homenaxe a un veciño debería tratarse de outra maneira. A homenaxe é merecida.

D Xacobe García Soto ( BNG).- Do pleno de febreiro no que se tratou esta cuestión non saiu nada en firme ¿ Cómo se abre o expediente de honra?

Secretario.- Por resolución de alcaldía.

D Xacobe García Soto ( BNG).- ¿ Está firmada?

Alcalde.- Está feita.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

D Xacobe García Soto.- Xa se recolleron apoios ao expediente de honra. Houbo un defecto de interpretación da concelleira. Este grupo creía que no pleno non se chegou a ningún acordo. O homenaxe se realizou nas condicións que quis o grupo de goberno. O homenaxe a Manuel María foi polo Día das Letras Galegas. Debería haber un apoio xeneralizado de todos os veciños, non hai un consenso social para esta denominación.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É importante facer unha cronoloxía do tema, no pleno de febreiro se proponía poner o nome do auditorio a Rubén García, se acordou tramitar un expediente de honra que conlevaba unha resolución de alcaldía nomeando instrutor e unha información pública. Unha figura como Rubén que merece o homenaxe, o procedemento acaído era o de expediente de honra. Imos apoiar o acordo, pero queríamos seguir un expediente de honra para dignificar a figura do homenaxeado. A proposta é merecida.

Alcalde.- Dalle a volta ao tema, a proposta do goberno é chamar ao auditorio Rubén García e poñer unha placa co seu nome. O expediente de honra se vai a abrir.

D Celso Sotelo ( PP).- Isto ten que vir consensuado e co voto a favor de toda a Corporación.

Alcalde.- Non me faga decir se hai acordo ou non. É un procedemento exemplar. Hai adhesións que non recibiu ningún outro persoeiro que se homenaxou eiquí. Non ten nada que ver a homenaxe na Mostra Internacional de Teatro e tramitar un expediente de honra.

Sometida a votación a proposta obténse o seguinte resultado, votos a prol PSOE (5), PP (5), e CxG, abstención RBC e BNG, fica aprobada por maioría absoluta.

### **13.ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

D Manuel Vázquez López.- Recordar ao Conselleiro de Infraestruturas o bacheo do camiño de Abarca; terminar a poda das acacias no parque de atrás das Casas Baratas, e limpiar a casa do bedel do CPI.

D Brais Fidalgo.- Despois do desenrolo da sesión non teño ánimo para formular preguntas, as formularei por escrito.

D Xacobe García Soto.- Nun concello do rural hai que prestar moita atención ás parroquias pequenas, hai un rogo dos veciños de Santo André Camporredondo que se limpie a captación de auga, quero manifestar a miña preocupación polos robos acaecidos en A Madalena.

Pregunto pola situación de Consultora Galega, ¿ en qué situación quedaría o concello se non pode rematar o Plan Xeral e, se se ten tomada algunha medida para evitar situacións



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

negativas?

¿ Vai a facerse un amaño completo no camiño do Rego?

Alcalde.- Consultora Galega ten practicamente rematada a redacción das modificacións que esixe a Xunta.

D Javier Iglesias Sendín.- No camiño do Rego limpiou a Deputación e logo un camiión do concello pasou a rematar a limpeza.

D Miguel García Domínguez.- Se promulgou un bando para a limpeza dos soares, querría saber se están localizados os soares que non se limpiaron e as medidas que se van a tomar dende o concello.

Tamén querría saber a qué se refire unha factura duns dous mil euros de limpeza de parques biosaúdables.

Alcalde.- Foi unha actuación na Veronza antiga.

D Miguel García Domínguez.- Houbo un acordo do pleno respecto da prohibición do glifosato, ¿ se deu traslado a Xunta? Porque había un camiión da Xunta con glifosato.

O dominio rematado en punto.gal segue a nome do anterior alcalde, non se solucionou o tema.

¿ Se comunicou á Xunta de Galicia que hai que sinalizar o balneario de Prexegueiro?

Na finca de ataúdes Dávila hai un árbore apoiado nun muro , vai caer, hai perigo, o propietario do terreo parece ser que é un banco.

¿ Cando se ten previsto tapar as arquetas de As Chabolas?

A saída da área de autocaravanas plantexa problema.

D César Manuel Fernández Gi.- Quero facer un rogo , hai un problema de abastecemento de auga en Santo André Camporredondo, hai un pozo máis baixo con motor que podería ser unha solución provisional

Alcalde.- Os soares e montes precisados de limpeza están localizados, se publicou o bando por si houbera algún non localizado. A brigada de incendios empeza a traballar o luns. No tema do glifosato mandaremos outro escrito, e o sinal do Balneario de Prexegueiro se instou á Turismo de Galicia.

Concedeuse unha subvención de 20.000 euros á Asociación Ruta do Viño do Ribeiro pola Axencia de Turismo de Galicia , ten problemas para conquistar un espazo , se podería ceder algún dos postos baleiros na Praza de Abastos, os traslado que o pensedes.

No tema da auga en Santo André que os veciños fagan a petición por escrito.

E sendo ás dez horas e corenta e seis minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde-presidente levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro